

III ENCONTROS DE BIBLIOTECAS ESCOLARES DE GALICIA

**“ DE CÓMO A BIBLIOTECA VAI CAENDO NO CURRÍCULO OU VICEVERSA”**

Laura Goldar Villar  
CEIP Alexandre Bóveda.  
Chapela, Redondela. Pontevedra

***“ Debemos orientarnos a modelos diversos que leven á reflexión, á crítica e á lectura creativa. Debemos devolver á lectura o seu carácter de rebeldía, de instrumento de diverxencia, de pensamento propio”.  
Xabier P. DoCampo.(“Ler, para que?”)***

## **1. INTRODUCCIÓN: DE QUE IMOS FALAR?**

A nosa exposición centrarase arredor de varios eixes, os mesmos que van conformando a nosa actividade diaria escolar e que fixeron e fan que esteamos neste punto onde a biblioteca é o espazo dinamizador da escola.

En primeiro lugar, falaremos dos **pactos** que tivemos que ir facendo, derrubando unhas tradicións para construír outras realidades, como a poción máxica que necesitamos beber de cando en vez para ir avanzando e conquistando terreos.

En segundo lugar exporemos polo miúdo o labor que realiza **E. Infantil con respecto á biblioteca** e a súa integración no currículo nun camiño de ida e volta e a importancia que damos dende a biblioteca “a outros xeitos de ler”, sentando as bases do fomento á lectura desde a primeira incorporación á escola.

A importancia que lle damos **ás familias** como “axentes” na animación á lectura formará parte do terceiro bloque, citando algunhas das actividades que forman xa parte das tradicións do centro.

No seguinte apartado referirémonos aos **diferentes aspectos que están asentados** na escola, (proxectos integrados, hora de ler, mochilas, hora de biblioteca, formación de usuarios, relación coas bibliotecas do contorno...) e aos que están en vías de consolidarse e, por último, non esqueceremos unha breve **avaliación sobre os atrancos e obstáculos** que tentamos superar a cotío para reforzar a presenza da biblioteca na nosa comunidade escolar.

## 2. *A POCIÓN MÁXICA: OS PACTOS*

a) Esta exposición baséase na nosa práctica diaria, adaptando, en moitas ocasións, actividades doutras bibliotecas á nosa realidade escolar ademais de producir recursos e experiencias novas. Entendemos que moitas das nosas propostas son xa do voso coñecemento pero na nosa escola é o que vai funcionando e o camiño polo que imos avanzando.

b) Cando , desde a asesoría de Bibliotecas Escolares, nos propuxeron participar nestes encontros para expoñer a nosa realidade bibliotecaria fixemos como unha volta atrás e decatámonos de que hai tres anos non imaxinabamos ter chegado tan lonxe na pegada que a nosa biblioteca ten na práctica escolar diaria. É quizais aquí onde pode residir o posible aspecto innovador, na **capacidade que a biblioteca está tendo para dinamizar o centro** e para cambiar certos aspectos por outros máis axeitados aos novos tempos.

c) A nosa poción máxica foron **os pactos** e a insistencia. Anteriormente, había dúas bibliotecas (a de infantil e a de primaria) que funcionaban independentemente en espazos diferentes coa duplicación de esforzos e recursos que iso supón; por medio da insistencia , unificáronse as dúas bibliotecas o que supuxo, por outra banda:

- perda de espazos na biblioteca de primaria ;
- perda de dereitos na primaria en favor de infantil;
- acordos de respectar certas tradicións ( horarios, etc...);
- Para infantil supoñía unha gran vantaxe xa que se lles daba a posibilidade de acceder a unha biblioteca “normalizada”, é dicir, máis semellante ás bibliotecas coas que se poidan atopar nun futuro e, desde logo, con moitos máis recursos; a desvantaxe consistía e na distancia que hai que percorrer para chegar a ela.

d) **espazo físico da biblioteca** tamén era un punto importante para nós: queríamos un lugar de fácil acceso , cómodo e amplo, que estivera a man de toda a comunidade escolar. Ás veces, podemos ser moi insistentes cando o importante está claro así que non parabamos de pedir o cambio e as conseguintes reformas; sen a inclusión no PLAMBE sería impensable ter superado este aspecto.

Con estes acordos, unificamos a biblioteca e comezamos a construír un proxecto común.

Xa todos e todas vós sabedes como adoitan traballar en Infantil por medio de proxectos integrados e, pouco a pouco, toda a escola vai aprendendo, unhas veces máis perdidos que outras, pero poderíamos dicir que nos animou a visión de conxunto que eles tiñan do proceso da aprendizaxe.

e) Este foi un segundo punto de arranque: a introdución paulatina dos **proxectos integrados** (propostas pola biblioteca e consensuadas previamente) na práctica escolar.

f) E a seguinte estratexia pasou por se converter no motor **dinamizador da escola**, suxerindo propostas e convertendo certas actividades en referencia da actividade escolar: hora de ler, mochilas, hora da biblioteca, festas, centro de reunións...

### 3. **CONQUISTANDO TERREOS**

- Deste xeito, conquistamos unha serie de “terreos” , dos que pensamos que é difícil recuar porque están xa moi **asentadas** na escola. ( Falamos sempre a nivel xeral, xa sabedes que sempre hai excepcións á norma).
- Tamén neste punto e , antes de continuar, debo dicir que para nós, **todo é revisable** dende o punto de vista metodolóxico. Pensamos que debemos prestar atención aos pequenos problemas que vaian xurdindo nas diferentes actividades para poder “revisalas ou cuestionalas” e buscando outras solucións antes de que chegue o efecto de apatía. As cousas funcionan porque están **dotadas de contido**, porque teñen unha razón de ser, para conseguir unha finalidade concreta; cando se perden esas referencias de finalidade podemos caer nun costume carente de sentido que non aporta nada e esmorece; por iso, partimos das discusións e das revisións continuas. **ESTAMOS FALANDO DO PROCESO AVALIATIVO.**
- Dentro destas conquistas detereime en tres grandes aspectos: **o traballo de infantil con respecto á biblioteca**, relatando despois por riba as **actividades xa asentadas** en xeral, continuando coa **relación das familias** e a biblioteca e ,posteriormente, falando de algo que está comezando pero que pensamos que pode dar moito de si e é a **relación con outras bibliotecas do contorno.**

## **A. EDUCACIÓN INFANTIL**

### **I.O espazo físico**

Dende logo, hai un espazo especial dentro da biblioteca para o alumnado de E. Infantil, de fácil ollada e de sinxela manipulación.

**II.A selección de recursos** preténdese que inclúa determinadas temáticas ou aspectos relacionados co currículo. Así, inténtase equilibrar o aspecto lingüístico, introducindo tamén algúns libros en inglés; interesa compensar a selección con respecto aos temas, á tipoloxía de textos e aos xéneros literarios; é dicir, que a biblioteca de infantil consta de libros informativos e de ficción, hai poesías, contos e adiviñas, temas sobre inventos, medos, alimentación ou aventuras e procuramos ir engadindo algunhas novidades cada ano.

**III.O currículo** e a súa relación cos libros: Como o libro en infantil non queda reducido a traer e levar libros emprestados, procúrase que a selección de libros atenda aos diferentes aspectos do currículo.

**IV.A mascota** : A Caracola Tola é o elemento máxico de infantil; cando fixemos a unión, un dos pactos foi manter a Caracola. Ela é a dona da biblioteca, introduce por medio de mensaxes todas as actividades; estas mensaxes aparecen por diferentes condutos: cartas, correos, postais, ...; é outra forma de traballar os medios de comunicación. Por medios dos textos trabállase a lecto- escritura e por medio dos libros faise animación á lectura.

**V.O préstamo** é semanal ( os venres) pero o traballo co libro faise os mércores. Por suposto, en infantil ha de ser visual e moi manipulativo. Inténtase facer unha introdución á formación de usuarios xa que teñen un carné van collendo o concepto de empréstimo e devolución. O profesorado vai semidirixindo as orientacións lectoras tendentes a evitar as repeticións, aconsellando lecturas susceptibles de seren convenientes nun determinado intre para determinados alumnos/as (enfermidades longas, medos, mala, alimentación,...)

**VI.O carné** leva un rexistro dos libros que se leva cada neno/a; na portada de cada libro hai un número e todos os números están no carné; cando collen un libro pónselle un “ gomet” e así vaise facendo un rexistro dos libros escollidos; ademais, implica un traballo lóxico matemático xa que se traballa a numeración (localizar o número, nomealo, poñerlle o “ gomet”...)

**VII.O traballo de aula con respecto á biblioteca** consiste en facer unha asemblea os mércores; é o día de traballo dedicado á linguaxe oral e á literatura. Faise un libro cos distintos libros que len ao longo do curso .Este é un traballo individual; cada alumno/a faino sobre o libro que levou á casa esa fin de semana.Trabállase a numeración, coma xa dixemos ( nº de libro) a escritura, o título, a temática, as partes do conto (segundo o nivel), os protagonistas e os personaxes, a ilustración así como rexistramos a implicación familiar coa lectura.

**VIII.Os obradoiros de contos** divídense en tres : conto, maquillaxe e disfrace. Hainos tres veces ao ano (Nadal, Entroido e fin de curso) e sempre están baseados nun conto.

**IX.As festas e as familias:** tanto no Día do Libro como no Día da Poesía, o profesorado transforma un libro en imaxes e as familias acoden á biblioteca a ler ese conto ao alumnado.

**X.A hora de ler.** Hai biblioteca de aula (con empréstitos da Caracola Tola); os mércores hai prensa, ademais da hora do conto ( cos maiores), libros informativos e sobre os proxectos e hai actividades de dinamización.

**XI.Hai avaliación** da hora de ler: se rexistra quen le ou non, quen se concentra, quen le imaxes ou texto, os avances que se van facendo respecto á introdución da lectura, quen busca palabras,...

## **B. OS PROXECTOS INTEGRADOS**

Falaba antes das discusións e os debates. Temos moitas respecto aos proxectos integrados no currículo. Algunha parte do profesorado (de primaria, sobre todo) estaba máis acostumado a traballos en pequenos proxectos integrados e outra parte sentíase perdida; entón volvemos aos pactos, empezando por pequenos proxectos onde as persoas se podían sentir seguras; tamén é certo que as actividades suxeridas pola biblioteca van artillando certa direccionalidade que vai facilitando a integración (ás veces moi paulatina) do profesorado na programación e execución destes proxectos. Por esa mesma razón tendemos a que estas suxestións sexan de carácter amplo e aberto para dar máis liberdade ao profesorado de introducir aspectos do currículo que considere máis convenientes ou necesarios. Neste punto é importante salientar a **temporalización** dos mesmos e a **importancia da biblioteca como centro de recursos** .

- Respecto á temporalización hai un tempo de motivación, de ambientación (nomes de aulas, implicación das familias...) un tempo de traballo durante o curso co proxecto e un tempo que moitas veces é xa coetáneo co anterior de visualización dos mesmos.
- Os proxectos integrados son debedores da idea de biblioteca como centro de recursos e facilitadores de suxestións e actividades; dende a busca de libros e recursos motivadores (exposición de libros relacionados, enderezos web, intercambio de ideas, ...)É neste momento cando somos máis biblioteca. ESTAMOS FALANDO DE CAMBIO NO PROCESO DE APRENDIZAXE



## C. AS FAMILIAS

Cada escola ten unhas marcas de identidade que prioriza respecto a outras; na nosa escola dámoslle especial importancia ás familias como parte integradora e facilitadora do labor educativo. A biblioteca non podía ser menos nese eido. Pasiño a pasiño, as comunicacións que se vai establecendo dende a biblioteca nacen coa idea de seren duradeiras e frutíferas. Así, como xa dixemos anteriormente, sempre hai unha actividade dirixida ao alumnado e ás familias en outubro, que coincide polas mesmas datas de celebración das bibliotecas e de posta en marcha de mochilas e ademais esta actividade serve para presentar o proxecto .

- I. Para despexar dúbidas que ían xurdindo nas charlas do profesorado coas familias respecto á lectura, elaboramos un documento (co deseño da profesora de plástica) “**Caderno de bitácora para familias lectoras**” que esperamos sirva de guía ou referencia ás familias ; é tamén un documento que se lle entregará ás familias do alumnado novo que se vaia incorporando ao centro. Esta referencia parece inconsistente pero consideramos importante que un documento da biblioteca estea presente nun paso tan importante como é a primeira visión da familia no acceso ao centro. ESTAMOS FALANDO DE VISIBILIDADE.
- II. Empezamos tamén elaborando para infantil unha **pequena guía sobre algún conto** (a petición dalgunhas familias), sobre todo como salientar a expresividade e sacarlle un partido maior ao conto que levan os seus fillos e fillas para casa. Empezamos o curso pasado con dous e iremos facendo cada ano os que poidamos.
- III. Ademais das **recomendacións de lectura** en datas sinaladas , creamos un **recanto de lectura** para as familias á entrada da escola, onde sempre hai xornais do día e un estante con libros para ler. ESTAMOS FALANDO DE MODELOS LECTORES.
- IV. Seguindo coas familias, temos a actividade de “**LECTURAS PARA COMPARTIR**” un espazo reservado na biblioteca para adultos, onde intercambian libros as familias entre si e participa tamén o profesorado e o persoal non docente. Faise un fondo temporal, que se devolve ao final de curso, polo que o empréstimo é manual, (non informatizado). Tivo moito éxito e pensamos que

está consolidado. Este ano fixemos unha reunión antes de empezar para mellorar os erros..

- V. Tamén as **mochilas viaxeiras** están orientadas a “ **ler en familia**” polo que sempre vai un libro en cada mochila sobre educación dunha selección que nos fai a orientadora e mesmo nos presta, con temas relacionados coa educación dos fillos.O noso criterio de selección de libros para a mochila viaxeira é o seguinte: un libro de poesía, un de un autor/a galego, informativo, de orientación, un CD/DVD ( musical ou documental) e un conto .Estamos na idea de facer unha mochila para o profesorado pero esperemos que vaia este ano; non callou en anos anteriores, pero seguimos falando de modelos lectores: familias que len, profesorado que le.....alumnado que le.

## **D. ASPECTOS ASENTADOS**

- I. Para ir introducindo unha idea de biblioteca máis integradora, dispoñemos dunha **HORA DE BIBLIOTECA** ( que se reflicte nos horarios). Como imos conquistando terreos fomos gañando a hora de biblioteca, despois tiña que ser na biblioteca, no espazo físico da biblioteca; empezamos coa lectura silenciosa, despois xa se podían consultar libros; pouco a pouco imos introducindo (nos maiores ) as consultas nos ordenadores. Agora realizamos actividades relacionadas ou ben cos libros que lemos dos itinerarios lectores ou ben con outros libros, presentacións, actividades de animación á lectura ou actividades relacionadas co propio proxecto. Temos un caderno de biblioteca onde recollemos as actividades que imos realizando. **ESTAMOS FALANDO DE MEMORIA LITERARIA**
  
- II. **HORA DE LER.** Do alumnado que le precisamente vai a **HORA DE LER**; todo o que falabamos ao principio da insistencia nos cambios e o noso propio convencemento deu en afianzar a **HORA DE LER**. Xa dixemos anteriormente que todo é revisable polo que xa cambiamos dúas veces aspectos da **HORA DE LER**:
  - O horario: Pasamos de despois do recreo a primeira hora da mañá; fixádevos que imos collendo importancia:
  - O contido: neste momento estamos nun proceso de discusión para dotala de máis contido: observamos que os que len , xa len pero os que teñen problemas coa lectura moitas veces non len e pasan follas; de aí a necesidade de deseñar actividades curtas de animación lectora, non todos os días, pero para algúns momentos da hora de ler.
  
- III. En 6º curso realízase a **HORA DO CONTO**: o alumnado de 6º prepara un conto, xeralmente por parellas; previamente faise un pequeno obradoiro para contar contos. Logo aprendido e pasada a proba da clase onde facemos crítica construtiva, un día da semana, van contarlle o conto aos máis pequenos. Van rotando de clase en clase ata que pasan por todas. Estamos falando de **LECTURA EXPRESIVA , DE ADQUISICIÓN DE VOCABULARIO E DE INTRODUCCIÓN Á LITERATURA.**

#### **IV. ITINERARIOS LECTORES.**

De coñecementos literarios van os itinerarios lectores, que, debo dicir , tanto custou implantar pero que pouco a pouco, van tendo un oco na nosa programación. Os criterios de escolla teñen que ver con varios aspectos:

- ou que sexa un autor/a de recoñecemento na literatura infantil, (Dahl, Farias, ..),
- un autor /a galega de recoñecido prestixio ( DoCampo, Marilar, Fina Casalderrey, Paco Martín..),
- ou que trate un tema relacionado co proxecto que estamos a traballar
- ou cun determinado aspecto da acción titorial
- ou moi valorado polo alumnado.

Hai que dicir que estamos empezando pero xa imos conseguindo que o profesorado pregunte e se vaia interesando. Dalgúns destes libros elaboramos propostas de traballo que subimos ao blog da biblioteca. Estamos falando de PROXECTO LECTOR e de INTRODUCCIÓN Á LITERATURA.

#### **V. A ACCIÓN TITORIAL E ORIENTADORA.**

Non podemos rematar a intervención sen falar da incorporación da biblioteca a acción titorial e orientadora. A utilización de libros como un xeito de afrontar aspectos titoriais, de orientación é un paso máis que estamos dando para traballar certos aspectos da vida escolar non curriculares: as emocións, habilidades sociais, coeducación, violencia de xénero, medos...)tendo sempre como referencia un libro. Por iso estamos a elaborar un listado sobre estes temas e formar unha breve colección de recursos bibliográficos para tratar nas titorías.

## **E. ONDA EXPANSIVA**

### **I. O BLOG: <http://caracolatola.blogspot.com/>**

Tanto no noso blog como no de infantil (<http://www.ktivadas.blogspot.com/>) imos subindo as nosas propostas de traballo, os traballos de escrita que realiza o alumnado (en relación coa profesora de plástica moitas veces) e os propios comentarios do alumnado, sexa sobre algún vídeo da actualidade ou relacionado co proxecto. O alumnado xa sabe que os comentarios deben ter unha corrección porque senón non se soben.

### **II.UAB .**

As intervencións do alumnado nas tarefas da biblioteca veñen dadas polos UAB (unidades de atención en biblioteca); puxémoslle ese nome tan rechamante para chamar a atención do alumnado. Póñense un chaleco antirreflectante e axudan aos préstamos e devolucións nos recreos, colocando libros e facendo suxestións. Debo dicir que mesmo a nós sorprendeunos o éxito da convocatoria; ben é certo que houbo baixas pero dentro da normalidade; utilizaban o Meiga para os empréstitos e devolucións e nos momentos de pouca actividade foron familiarizándose con outros aspectos do programa. Sempre están baixo o control do profesorado da biblioteca .Estamos falando de FORMACIÓN DE USUARIOS.

**III.AS PUBLICACIÓNS DA BIBLIOTECA** vanse tamén asentando dentro da normalidade da nosa actividade bibliotecaria: recomendacións lectoras no Nadal e no verán, publicación dun boletín trimestral, o caderno para as familias lectoras, xa citado anteriormente...

**IV.RELACIÓN COAS OUTRAS BIBLIOTECAS.** Un feito do que nos estamos a sentir especialmente orgullosas é da relación con outras bibliotecas; levamos dous encontros das bibliotecas escolares e municipais de Redondela con moitos proxectos na cabeza; temos a sorte de contar con dúas bibliotecarias municipais ( en Redondela e en Chapela) que son dúas entusiastas do seu traballo e transmiten moita ilusión e asesoramento cando se necesita; polo momento, faremos un obradoiro de banda deseñada cun autor da mesma, accións conxuntas de animación á lectura, falamos dos proxectos de cada escola ou biblioteca, préstamos interbibliotecarios, de recomendacións lectoras... Pensamos que vai ser un xeito de

optimizar recursos e compaxinar actividades. Temos moitas esperanzas postas nestas xuntanzas porque cremos firmemente no traballo en grupo. Xa iredes sabendo polos blogs porque hai moitas ideas en vías de desenvolvemento. Estamos falando de VISIBILIDADE DO NOSO TRABALLO.

#### 4. **LOITAS PERDIDAS: RESISTENCIA. ATRANCOS E OBSTÁCULOS.**

Como sabedes a práctica diaria esta chea de loitas e obstáculos que tenden a desanimarnos ou desistir. Persoalmente, non me gusta escoitar unha experiencia onde se fale só das excelencias dun traballo sen considerar os aspectos negativos que hai en todo proceso.

- a) **EQUIPOS DIRECTIVOS:** Ir por diante supón caer moitas veces e as reticencias dos equipos directivos, reaccións aos cambios, a andar nos horarios, a buscar solucións máis imaxinativas... Esgotadoras discusións nos claustros, negociacións, paciencia, moita paciencia, perder un día e gañar ao curso seguinte (perdemos pequenas loitas) pero imos conquistando posteriormente terreos...A batalla dos horarios non está nin moito menos gañada respecto á administración e aos equipos directivos. É irrisoria a hora de coordinación semanal que se ten a encargado/a da biblioteca, cando está a levar o peso da dinamización escolar.
- b) **O MEDO AOS CAMBIOS.** O aparcar os libros de texto, momentánea ou definitivamente, é un medo de gran parte do profesorado. Non é tanto unha cuestión de vontade (de querer cambiar, que tamén) senón da inseguridade que provoca non ter un libro de referencia base no que apoiarse; é un punto polos que todos pasamos e estamos aínda a pasar moitas veces. Neste aspecto o apoio dos propios compañeiros/as é importante; a solución pasa por empezar con pequenos proxectos, aos poucos, ir acomodando tamén os libros de textos ao proxecto. Dende logo, aquí o labor da xefatura de estudos como facilitadora e coordinadora , suxerindo actividades e demais sería o ideal pero non é fácil atopar este xeito de entender e de levar a cabo a coordinación do profesorado.
- c) **CAMBIAR O “CHIP”.** Cambiar o concepto de biblioteca foi un proceso lento: desde que empezamos como un espazo de lectura silenciosa con empréstitos, reducida a un lugar moi ordenado con moitos libros ata chegar a que estea presente nos diferentes espazos do centro (biblioteca de aula, ambientación, murais...) vai sendo un camiño longo e onde tamén se van formando, moi pouco a pouco outra idea de biblioteca.
- d) **CAENDO EN SACO ROTO:** Reconquistando terreos continuamente. Ás veces pensamos que está todo percorrido e cando nos dámos de conta de que hai profesorado que

aínda non se integrou á esta idea da biblioteca que nos propoñemos, esta forma de traballar,... Empezar de novo: reunións, explicacións, recompilacións, ...

De aí que non queremos rematar esta exposición sen deixar de ler unha cita do noso querido Saramago (“La Caverna”) extraída do libro de Guadalupe Jover ( “Un mundo por ler” Edit. Octaedro ) e coa que nos sentimos moi identificadas e que anima as sombras do noso traballo:

*“Vivín, mirei, lin, sentín, Que fai aí o ler, Lendo acábase sabendo case todo, Eu tamén leo, Por tanto algo saberás, Agora xa non estou tan segura, Entón terás que ler doutra maneira, Como , Non serve a mesma forma para todos, cada un inventa a súa, a súa propia, hai quen se pasa a vida enteira lendo sen conseguir nunca ir máis alá da lectura, quédanse pegados á páxina, non entenden que as palabras son só pedras postas atravesando a corrente dun río, se están alí é para que poidamos chegar á outra marxe, a outra marxe é a que importa, A non ser, A non ser que, A non ser que eses tales ríos non teñan dúas beiras senón moitas, que cada persoa que le sexa , ela , a súa propia beira, e que sexa súa e só súa a beira á que terá que chegar.”*

OUTUBRO, 2010